

MEMORIA DE ACTIVIDADES DO CEESG

ANO 2024



ÍNDICE

1.	Presentación	3
2.	Estrutura do Ceesg	4
3.	Estado da colexiación.....	6
4.	Actividades.....	7
4.1.	Eixo de Participación colexial	7
4.2.	Eixo de Desenvolvemento Profesional.....	9
4.3.	Eixo de Acción Profesional.....	11
4.4.	Servizos do Ceesg.....	15
4.5.	Representación e participación en órganos externos.....	16
4.6.	Convenios asinados.....	16
4.7.	Colaboración coas Universidades	17
4.8.	Eventos nos que participamos ou colaboramos.....	17
4.9.	Eventos ou formacións ás que asistimos.....	18
5.	Grupos de traballo.....	18
5.1.	aBeira-Escaravellando, Grupo de Intervención Socioeducativa con Familias, Infancias e Adolescencias.....	18
5.2.	Grupo de traballo sobre Animación Sociocultural e Xestión Cultural.....	19
5.3.	Fiadeiras, Grupo de traballo de Igualdade e Feminismos	19
5.4.	Geix, Grupo de Estudos e Intervención Xeragóxica.	20
5.5.	Miolo, Grupo de Saúde.	20
6.	Participación no CGCEES.....	22
7.	Outras cuestións	23

1. PRESENTACIÓN

A memoria 2024 do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (CEESG) pretende reflectir o labor constante de fortalecemento da profesión e o compromiso coa mellora social.

Un dos principais logros deste ano foi a continuidade da Convivencia Profesional e Interuniversitaria de Educación Social no Xurés, unha iniciativa comunitaria que segue evolucionando cunha incidencia positiva na zona da Baixa Limia.

O proxecto Aloumiños, levado a cabo en colaboración co Sergas, é outra acción relevante do ano 2024, a través do cal un grupo de educadoras sociais promoveron hábitos saudables entre persoas maiores, creando espazos de benestar e favorecendo a mellora da calidade de vida. Esta intervención logrou un importante impacto en varios concellos galegos, co fin de combater a soidade e mellorar a saúde e benestar da poboación maior.

Finalmente, queremos destacar as mobilizacións organizadas a finais de ano en defensa dos dereitos das educadoras e educadores sociais, contra a negativa da Xunta a cumprir o seu compromiso de modificación das titulacións de acceso á especialidade “Educación social”. A magnífica resposta de apoio por parte do mundo profesional e académico subliña o compromiso colectivo na defensa da Educación Social. O Ceesg reafírmase na defensa dos dereitos das/os profesionais e da cidadanía e comprométese a continuar nesta loita polo debido recoñecemento.

Estas accións, entre outras, son mostra do labor de fortalecer e promover a Educación Social na nosa comunidade, afrontando os desafíos da profesión para seguir avanzando na construción dunha sociedade máis inclusiva e xusta.

Xunta de Goberno do Ceesg.

2. ESTRUCTURA DO CEESG

Xunta de Goberno.

No ano 2024 producíronse algúns cambios no grupo de persoas que compoñen o equipo de goberno do Ceesg, coa baixa de Carmen Zamora Castro e a alta de Felicidad González, Iria García, Vanesa Otero e Laura Fernández. A actual Xunta de Goberno quedou polo tanto do seguinte xeito:

Presidenta: Sonia González Rodríguez. Colexiada 3402.

Eixo de Acción Profesional.

Vicepresidenta: Rocío Núñez Rúa. Colexiada 3867.

Eixo de Acción Profesional.

Secretario: Alfonso Tembrás López. Colexiado 103.

Área de Desenvolvemento Profesional.

Tesoureiro: Rodrigo Gil Cedillo. Colexiado 5328.

Eixo de Acción Profesional.

Vogais:

Laura Fernández Rebolledo. Colexiada 4797.

Jesús Deibe Fernández Simo. Colexiado 4851. *Eixo de Participación Colexial*

Iria García Martínez. Colexiada 3545.

Felicidad González Tenreiro. Colexiada 3448.

Vanessa Otero Dios. Colexiada 5585.

Pilar Ramallal Fernández. Colexiada 4801. *Eixo de Desenvolvemento Profesional.*

Noelia Rodríguez Álvarez. Colexiada 3408. *Eixo de Participación colexial.*

María Jesús Segade Conde. Colexiada 455. *Eixo de Desenvolvemento Profesional.*

ASEMBLEA XERAL

Xunta de Goberno

Eixo de
Desenv. Profesional

Eixo de
Acción Profesional

Eixo de
Participación Colexial

PICs

Grupos de traballo

- Geix
- Fiadeiras
- aBeira - Escaravellando
- Miolo
- Animación sociocultural e xestión cultural

Comisións
Ética

Persoal contratado

Secretaría Técnica

Educadora Social


Educador social

3. ESTADO DA COLEXIACIÓN


A 31 de decembro de 2024 estaban colexiadas no Ceesg un total de 964 educadoras e educadores sociais. (832 mulleres e 132 homes)

Durante o ano tramitáronse 103 altas e 93 baixas colexiais.

Como amigas/os do Ceesg, no curso 2023/2024 houbo 4 estudantes, e no curso 2024/2025, a data 31 de decembro, 8.



Porcentaxe de colexiadas, por sexo.



Motivo das baixas colexiais

4. ACTIVIDADES.

4.1. EIXO DE PARTICIPACIÓN COLEXIAL.

- Celebración do Día Internacional da Educación Social. **DIES 2024:** III Convivencia interuniversitaria e profesional de Educación Social. Lobios.
- Resolución do **10º Concurso TFG.eduso**. Premiáronse traballos académicos de TFG de Educación Social correspondentes ao curso 2022/2023. Foron tres os traballos premiados: un por cada modalidade, e unha mención do xurado. Publicación dun libro que recolle os traballos íntegros. A entrega de premios tivo lugar coincidindo coa celebración do DIES 2024.
- Convocatoria do **11º Concurso TFG.eduso** (curso 2023/2024)
- Venda e distribución de materiais do Ceesg: libro **Son de Fiar, camiseta 8M #EducaciónSocialFeminista**, libro *A Educación Social* de **Os Bolechas**.
- Colaboración coa **Revista Galega de Educación** na sección Educación Social e Escola, de Nova Escola Galega.
- Edición e publicación do calendario de sobremesa 2025, e do calendario-marcapáxinas.
- Edición de cadernos co símbolo do toxo, para distribución gratuíta a colexiadas/os que participen na asemblea e noutras accións formativas.
- Colaboración nas campañas do CGCEES pola celebración de días internacionais.
- Inicio dos traballos do próximo número da revista **Galeduso**, que será un monográfico sobre Renda Básica.
- Contratación dunha campaña de fomento da colexiación.
- Apoio a campañas e iniciativas doutras entidades, e adhesión a diferentes iniciativas relacionadas coa profesión:
 - 8 de marzo. Día Internacional das Mulleres. Participación en actos e concentracións en diferentes localidades.
 - Adhesión á plataforma Queremos Galego!, participando nas manifestacións convocadas e no plenario comarcal de Compostela.
- Datos sobre prensa:

▪ **1 COMUNICADO:**

- Comunicado do Ceesg sobre a nova Convocatoria de Educadoras/es Sociais da Xunta de Galicia.

▪ **3 NOTAS DE PRENSA:**

- A importancia do tempo compartido en familia.
- O Colexio de Educación Social pide reunirse coa concelleira de Asuntos Sociais de Ourense.
- As educadoras e educadores sociais piden unha categoría profesional propia na Xunta de Galicia.

▪ **16 APARICIÓNS EN NOVAS DE PRENSA**

(Entre Nós digital, UVigo, Galicia Confidencial, Faro de Vigo, Que pasa na costa, La Voz de Galicia, El diario de A Laracha, Diario de Bergantiños, Diario de Santiago, Faro de Vigo, El Correo Gallego, Nós diario, Xunta.gal).

- *Comunicado do Ceesg sobre a nova Convocatoria de Educadoras/es Sociais da Xunta de Galicia.*
- *Una jornada analizará en el campus de Ourense las claves del éxito en el tiempo compartido en familia.*
- *Alumnado e profesionais da educación social analizan os retos da convivencia familiar.*
- *El campus ourensano celebra una jornada para profundizar sobre la educación familiar.*
- *A Xunta inaugura o II Encontro Formativo sobre os servizos de educación e apoio familiar*
- *Presentación del proyecto Aloumiños, el próximo martes en A Laracha*
- *O proxecto Aloumiños dase a coñecer na Laracha entre os maiores que sofren soidade non desexada*
- *Montemaior acolle un almuerzo informativo do proxecto Aloumiños*
- *El proyecto Aloumiños se presentará el 27 de agosto en Montemaior*

- *Presentado en A Laracha el proyecto de envejecimiento activo Aloumiños*
- *Más de 200 educadores conviven este fin de semana en O Xurés*
- *Educadores sociais protestan ás portas do Parlamento en demanda dunha categoría profesional propia na Xunta*
- *Educadores sociales reclaman ante el Parlamento gallego la exigencia de titulación en las contrataciones de la Xunta*
- *Educadores sociales piden acotar las titulaciones para una plaza de la Xunta*
- *Educadores sociales piden a la Xunta acotar los títulos para acceder a una plaza pública*
- *Urxen cubrir con especialistas as prazas de Educación Social: profesionais exixen que a Xunta recoñeza a categoría profesional.*
- **3 ENTREVISTAS OU DECLARACIÓNS AOS MEDIOS**
(Cuac FM, Telemiño, Ser Galicia)
 - *Entrevista a presidenta do Ceessg sobre a convocatoria de Educación Social da Xunta.*
 - *La entrevista de hoy. Deibe Fernández Simo fala do tempo compartido en familia.*
 - *Declaracións a Cadena Ser Santiago con motivo das manifestacións ante o Parlamento de Galicia.*
- Datos sobre redes sociais:
 - **Facebook:** 7251 seguidoras/es (70 novos).
 - **Instagram.** 1350 seguidoras/es (238 novos).
 - **Telegram.** 112 subscriptoras/es (igual).
 - **X:** 1506 seguidoras/es (13 menos).
 - Mantemento da canle de **Youtube** como aloxamento dos vídeos que compartimos nas demais redes.

4.2. EIXO DE DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL.

- Coordinación e desenvolvemento do Proxecto “**Aloumiños**”, financiado polo Servizo Galego de Saúde (Sergas). Trátase dunha iniciativa dirixida á poboación adulta e maior para a promoción de hábitos e contornas saudables, co que se crearon espazos de benestar, co obxectivo de aumentar a calidade de vida e o benestar asociado ás relacións interpersoais e o apoio social, así como a diminución dos sentimentos de soidade.
- Organizáronse 11 accións formativas das que se beneficiaron 541 persoas:
 - **Xornada de Educación Familiar: o tempo compartido en familias.** Presencial e gratuíta, en Ourense.
 - **Detección e actuación integral ante a violencia sexual contra a infancia e adolescencia. Avanzando car o modelo Barnahus.** Semipresencial (en Compostela) e gratuíta, exclusivo para colexiadas/os.
 - Xornada **Educación social, corpos e territorios en paz.** Presencial e gratuíta, na Coruña. Organizado por Fiadeiras.
 - Xornada técnica: **Adolescencia, tecnoloxía e adiccións dende unha perspectiva comunitaria: novos retos, escenarios e recursos.** Presencial (Compostela)
 - Curso: **Achegamento á Saúde mental dende a Educación social.** 2ª edición. Presencial (Compostela)
 - **II Encontro formativo SEAF. Servizos de Educación e Apoio Familiar.** Presencial en Carballiño.
 - Xornada técnica: **Abordaxe coordinada da protección infantil dende os SEAF e os equipos técnicos de menores.** Presencial e gratuíta en Compostela.
 - **III Convivencia interuniversitaria e profesional da Educación Social,** con actividades formativas, culturais e lúdicas que serviron como celebración do Día Internacional da Educación Social 2024.
 - Xornada técnica: **Prevención da explotación sexual na infancia e adolescencia. Ferramentas para profesionais que**

interveñen con menores en tutela, garda ou protección. Presencial e gratuíta (Compostela), exclusiva para colexiadas/os.

- ***SensiSOS: Formación e sensibilización antirracista para profesionais da Educación Social.*** Presencial e gratuíto (Compostela), exclusiva para colexiadas/os.

- ***Intervención socioeducativa con violencia machista: aportes metodolóxicos dende a Educación Social*** (Colaboración co plan formativo da Fegamp).

- Mantemento de colaboracións con entidades para a realización de **formación con descontos** nas cotas de inscrición.

4.3. EIXO DE ACCIÓN PROFESIONAL.

- **Seguimento, revisión e presentación de alegacións relacionadas con prazas de Educación Social na Administración pública:**

- Recurso de reposición á convocatoria de Educador/a social da Xunta de Galicia. Desestimado.
- Recurso de reposición á convocatoria de Téc. de intervención familiar do Concello de Padrón (exclusión no acceso). Estimado parcialmente.
- Recurso de reposición á convocatoria de Educador/a social do Concello de Lugo (titulacións de acceso). Desestimado por silencio.
- Recurso de reposición á convocatoria de Educador/a social do Concello de A Porqueira (titulacións de acceso). Desestimado por silencio.
- Recurso de reposición á convocatoria de Educador/a social do Concello de Sada (temario inadecuado). Desestimado.
- Recurso de reposición á convocatoria de Téc. de cultura do Concello de Lalín (exclusión no acceso). Desestimado por considerala xa incluída.
- Alegacións á RPT do Concello de Santiago, pola modificación da denominación do posto de educador/a social a educador/a. Desestimadas.

- Recurso de reposición á convocatoria dunha bolsa de emprego de Monitor/a de actividades de tempo libre do Concello de Boiro, que non contempla a titulación de educador/a social entre as que puntúan na fase de concurso. Desestimado por silencio.
 - Recurso de reposición á convocatoria de Orientador/a de obradoiro de emprego do Concello de A Laracha (exclusión no acceso). Estimado.
 - Escrito en relación á praza de Educador/a familiar do Concello de Oza-Cesuras, ante a previsión de amortización do posto. Sen resposta.
 - Recurso de reposición á convocatoria de Coordinador/a PIE do Concello de As Pontes (exclusión no acceso). Desestimado por silencio.
- **Accións en relación á modificación da Lei de Emprego Público de Galicia, para modificar a especialidade “Educador/a social” e que o acceso sexa exclusivamente para educadoras/es sociais:**
- Escritos aos principais sindicatos para solicitar que na negociación das bases de convocatoria de acceso a postos da especialidade “Educación Social” se admita só a educadoras/es sociais.
 - Varias xuntanzas coa Dirección Xeral de Función Pública e coa nova titular tras o cambio de goberno, para abordar a situación actual e acadar un compromiso de modificación.
 - Recompilación e envío á Dirección Xeral de documentación e información que reforza o argumentario da defensa da petición de exclusividade no acceso á especialidade.
 - Solicitude de apoio na petición aos principais sindicatos e ás Universidades galegas.
 - Xuntanza cos grupos parlamentarios BNG, Popular e Socialista, solicitando o apoio e a presentación de emendas durante a tramitación da Lei de medidas fiscais e administrativas, na que non se introduciron as modificacións acordadas entre o Ceesg e a Dirección Xeral de Función Pública, para o cambio de requisitos no acceso á especialidade.
 - Convocatoria de concentracións, unha unitaria en Compostela e outras nas cidades da Coruña, Santiago e Ourense, como protesta

ante o incumprimento do compromiso da Xunta de Galicia respecto de limitar o acceso á especialidade a educadoras/es sociais.

- Promoción dunha iniciativa de peticións individuais, para presentar ante a Xunta de Galicia.
- Traslado do asunto á Valedora do Pobo.
- Asistencia ao Pleno do Parlamento, na sesión na que un deputado formulou unha pregunta oral ao goberno, sobre o motivo polo que non se actualiza o requisito de titulación para a especialidade.

○ **Outras accións para o recoñecemento do educador/a social en diferentes ámbitos:**

- Ante a celebración das eleccións autonómicas, achega aos partidos políticos dunha batería de propostas para contribuír á construción dunhas políticas sociais e educativas que respondan ás necesidades das persoas e que poñan o benestar da cidadanía no foco.

○ **Achegas a diferentes normativas, textos técnicos ou iniciativas relacionadas cos ámbitos de exercicio profesional da Educación Social.**

Segundo cada caso, as achegas poden incluír referencias ao recoñecemento da Educación Social no ámbito de que se trate, e tamén propostas que sirvan para a mellor atención á cidadanía.

- Achegas á consulta previa á redacción do Decreto polo que se regulan os **recursos de acollemento de nenos, nenas e adolescentes con medida de protección** á infancia e á adolescencia en Galicia.
- Achegas á Orde pola que se establece a figura da **persoa coordinadora de benestar e convivencia** nos centros docentes de Galicia.
- Proxecto de orde pola que se desenvolve o Decreto 142/2023, do 21 de setembro, polo que se regula o procedemento para o **recoñecemento da situación de dependencia** e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de

atención e a organización e o funcionamento dos órganos técnicos competentes.

- Achegas ao traballo de actualización do **Libro Blanco de Educación Social**, que se está levando a cabo pola Conferencia de Decanos/as das Facultades de Educación.
- Achegas ao Protocolo de actuación contra as **violencias sexuais e LGBTIfóbicas** nos eventos e espazos festivos.
- Protocolo de coordinación institucional fronte a **violencia de xénero** en Galicia.
- Estratexia de **inclusión social da poboación xitana** en Galicia 2024-2030
- Achegas á Estratexia Galega de Atención á **Soidade non Desexada**.
- **Xuntanzas e espazos de colaboración con diferentes entidades públicas e privadas:**
 - Xuntanza coa Dirección Xeral de Promoción da Igualdade e co Director Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, para formular unha proposta para o mantemento e mellora do Convenio de atención a fillas e fillos orfos das vítimas mortais da violencia de xénero en Galicia, no tocante concretamente ao acompañamento socioeducativo, así como dúas propostas de formación especializada sobre perspectiva de xénero, unha delas dirixida a persoal dos CIM, dos servizos sociais comunitarios, e a integrantes das mesas locais de coordinación interinstitucional de violencia de xénero; e outra dirixida a educadoras/es sociais, con prioridade para traballadoras/es no ámbito da igualdade.
 - Xuntanza coa Dirección Xeral de Inclusión Social e coa Dirección Xeral de Familia, para concretar colaboracións para o ano 2025.
 - Xuntanza coa alcaldía de Santiago de Compostela, na procura de colaboracións para o desenvolvemento do congreso CIPIES-25.
 - Xuntanza coa Subdirectora Xeral de Saúde Mental, conxuntamente coa Fundación Salma, para continuar a demanda de mellores na atención á saúde mental infanto-xuvenil.
 - Colaboración para designación de membros para o tribunal cualificador do proceso selectivo para cubrir unha praza de educador/a social no Concello de Ribeira

- Colaboración para designación de membros para o tribunal cualificador do proceso selectivo para a elaboración de las listas de contratación de personal funcionario de la categoría de educación social.
- **Comisión Ética e de Benestar Profesional:**
 - Xuntanzas internas e participación na Comisión do CGCEES.
 - Recollida de datos a través dun formulario, para coñecer a opinión das educadoras e educadores sociais acerca da importancia da ética na nosa profesión.

4.4. SERVICIOS DO CEESG

- **Emprego.** Publicación de 388 ofertas de traballo que suman máis de 470 empregos.
- **Listaxe de empresas de Educación Social,** a disposición de entidades ou particulares que poden procurar dos seus servizos.
- **Formación con desconto** para persoas colexiadas ou amigas do Ceesg, ofrecidas por diversas entidades.
- **Asesoramento xurídico.** Atendéronse 223 consultas colexiadas, enfocadas sobre todo a dereitos laborais, tanto no eido público como privado.
- **Correo-e.** Creáronse 10 novas contas de correo para colexiadas/os.
- **Atención colexial e á cidadanía.** Atendéronse consultas diversas sobre a profesión, a maioría realizadas por persoas colexiadas.
- **Seguro de Responsabilidade Civil Profesional.** Formalizáronse ao longo do ano 136 subscricións a este seguro.
- **Listas de Peritaxe.** Remitíronse aos xulgados e tribunais galegos as listaxes de educadoras/es sociais dispostas/os a realizar accións periciais.
- **Avisos en liña.** Continuou o servizo de información a través de correo-e para colexiadas/os e amigas/os do Ceesg.
- **Ética e deontoloxía.** A Comisión de Ética e Benestar Profesional mantivo a súa actividade, sen recibir peticións de orientación. A actividade centrouse na revisión do código deontolóxico, cara a súa posible actualización.
- **Préstamo de instalacións e recursos.** Non houbo solicitudes de

préstamo de materiais.

- **Biblioteca.** Realizáronse 4 préstamos e rexistráronse 25 novas publicacións ou materiais. Iniciouse un proceso de expurgo de publicacións.

4.5. REPRESENTACIÓN E PARTICIPACIÓN NOUTROS ÓRGANOS.

- **Consello Galego de Benestar Social.** Xunta de Galicia. Participación nos plenos celebrados en xullo e setembro.
- **Observatorio Galego de Violencia de Xénero** da Xunta de Galicia. Participación xuntanza plenaria.
- Participación nas xuntanzas da **Mesa local de Coordinación Interinstitucional contra a violencia de xénero** do Concello de Santiago, e na súa Comisión de Prevención.
- **Foro Galego de Inmigración.** Participación nas xuntanzas mensuais e nas diferentes iniciativas.
- Participación na **Mesa de Traballo sobre a figura de Coordinador/a de Benestar e Protección**, organizado pola Fundación Educo.
- Nomeamento para a representación do Ceessg nunha vogalía do **Concello Municipal de Igualdade do Concello de Santiago**, e participación na sesión constitutiva.
- **Regaeder.** Rede Galega de Educación e Desenvolvemento do Rural.

4.6. CONVENIOS ASINADOS.

- **Sergas, Consellería de Sanidade.** Desenvolvemento do proxecto Aloumiños, que ten por obxecto minimizar os efectos da soidade non desexada, mellorando a saúde física e psíquica, e por tanto, a calidade de vida tanto das persoas que a padecen como da poboación en xeral.
- **Universidade de Santiago,** prórroga do convenio para a realización de actividades de investigación (Edusogal) e co-organización do Congreso Internacional Profesional e Interuniversitario de Educación Social CIPIES-25.
- **Universidade da Coruña.** Convenio para a realización de actividades de investigación (Edusogal) e co-organización do Congreso Internacional Profesional e Interuniversitario de Educación Social CIPIES-25.

4.7. COLABORACIÓN COAS UNIVERSIDADES.

A parte das accións xa mencionadas, a colaboración coas universidades viuse reflectida noutras actividades:

- Colaboración no faladoiro **“Educador social en Alaska”**, organizado pola Universidade de Santiago e que contou coa participación de Sera Sánchez, autor do libro que leva o mesmo título.
- Colaboración na materia **Contextos e Ámbitos da Educación Social**, da Universidade de Santiago, achegando a visión de profesionais en diferentes ámbitos de traballo.
- Colaboración de profesorado como **xurado do 10º Concurso TFG.eduso**.
- **Presentación do Ceessg** na materia de Formación e Profesionalización en Educación Social, na Universidade de Santiago.
- Colaboración na materia **Inserción Laboral e Formación Continua dos Profesionais da Educación Social**, da Universidade de Santiago, nunha sesión na que falamos de saídas profesionais.
- Acollida dun alumno de Prácticum I, de 3º de Educación Social, da Universidade de Santiago.

4.8. EVENTOS NOS QUE PARTICIPAMOS OU COLABORAMOS.

- **XX Xornadas Interxeracionais Rurais**, organizadas pola Asociación veciñal de Cabreiros e Universidade de Santiago.
- **EmpregoInCampus**. Feira de emprego organizada polo Campus de Ourense da Universidade de Vigo.
- **XXXIV Congreso Internacional Anual** da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría.
- **XII Xornada “Salud mental y adolescencia”**, organizada por ADAFAD.
- Presentación libro **“A educación en Galicia en perspectiva: Alicerces para o porvir”**, de Alexandre Sotelino.
- **II Encontro Internacional Educadores Sociais pelo Mundo - Perspectivas de Intervenção**, organizado por ISCE Douro, en Penafiel. Intervención sobre a Educación social no acompañamento con adolescentes en situación de vulnerabilidade social.

- Asistencia á presentación do **banco de recursos das institucións socioeducativas dos concellos de Galicia**, elaborado polo alumnado de Educación social da Universidade de Santiago (Galimap)
- **Xornada sobre boas prácticas e iniciativas para maiores**, do Concello de Santiago, para presentar o proxecto Aloumiños.
- **Invernada de cine de Cabreiros**. Asociación veciñal de Cabreiros.

4.9. EVENTOS OU FORMACIÓNS ÁS QUE ASISTIMOS.

- Presentación do módulo específico que se está plantexando empregar como soporte informático provisto pola Xunta para o “Programa básico do Servizo de educación e apoio familiar”.
- Acto do Concello de Santiago polo Día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres.
- Festival intercultural, celebrado polo Foro Galego de Inmigración en Santiago de Compostela.
- Seminario “Asegurando o dereito a unha vivenda digna, axeitada e accesible”, organizada por EAPN en Santiago de Compostela.
- Participación no Foro Sabadell Professional para colexios profesionais.

5. GRUPOS DE TRABAJO.

5.1. ABEIRA-ESCARAVELLANDO, GRUPO DE INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA CON FAMILIAS, INFANCIAS E ADOLESCENCIAS.

Integrantes do grupo:

- Gabriel Aúd Vázquez.
- José Luis Carballo Iglesias.
- Rosalía Castro Sabugueiro.
- Deibe Fernández Simo.
- Sonia González Rodríguez.
- Eva Moldes Casal.
- Rocío Núñez Rúa.
- María Quintas Sotelo.

- **Baixas en 2024:** Mónica Fernández Gesteira e Yolanda Torre Sarmiento.

5.2. GRUPO DE TRABALLO SOBRE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL E XESTIÓN CULTURAL.

Integrantes do grupo:

- Iván García García (coordinador)
- Fernando Lavandeira Suárez.
- Natividad Lorenzo Campos.
- Lucía Mosquera Miramontes.
- Santiago Nieto Romarís.
- Vanesa Otero Dios (coordinadora)
- Xabier Riádigos Couso.

5.3. FIADEIRAS, GRUPO DE TRABALLO DE IGUALDADE E FEMINISMOS.

- Achegas de accións formativas a realizar desde o Ceesg. Xaneiro.
- Revisión regulamento de creación do Consello Sectorial de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela. Febreiro.
- Organización das Xornadas: «Educación Social, Corpos e Territorios en Paz», en colaboración con ACPP. Centro cívico A Coruña. Abril.
- Presentación da publicación «Son de Fiar» no Encontro de Educación Familiar. O Carballiño. Maio.
- Revisión do Protocolo de actuación contra as violencias sexuais e LGBTIfóbicas nos eventos e espazos festivos do OBGVX. Xuño.
- Representación do Ceesg no Observatorio galego da Violencia de xénero (OBGVX). Xunta de Galicia. Xullo.
- Punto Lila. III Convivencia Interuniversitaria e profesional da Educación Social. Lobios. Setembro.
- Xuntanza do Consello municipal de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela. Setembro.

- Xuntanza Mesa local de Coordinación Interinstitucional contra a violencia de xénero. Concello de Santiago de Compostela. Novembro.
- Xuntanza da Comisión de Xénero e Diversidade do CGCEES.
- Achegas de estratexias de comunicación para o DIES para o CGCEES.
- 5 Xuntanzas do Grupo de traballo.

Integrantes do grupo:

- Eva M^a Bastón Martínez.
- Noelia Darriba García.
- Natalia Domínguez Galán.
- Raquel López Fernández (coordinadora).
- Tania Merelas Iglesias.
- Dolores Rama Vázquez.

5.4. GEIX, GRUPO DE ESTUDOS E INTERVENCIÓN XERAGÓXICA.

- Participación na Comisión permanente de Envellecemento activo, ALV e intergeneracionalidad, do CGCEES.

Integrantes do grupo:

- Selene Arias Sáez.
- Mónica Serrano Soto.
- Esther Pérez Enríquez.
- Laura Vilaboy Romero (coordinadora).
- Vanessa Villar Armada.

5.5. MIOLO, GRUPO DE SAÚDE.

Integrantes do grupo:

- Sara Alba Gómez.
- Laura Casal Figueroa.
- Ana García Liñares.
- Débora González Rodríguez.

- Manuel Rodríguez Iglesias.
- Alfonso Tembrás López.
- Tamara Ramos Tato.

6. PARTICIPACIÓN NO CGCEES

- Participación na **Xunta de Goberno** do CGCEES, no cargo de Vicepresidencia, de Noelia Álvarez Rodríguez.
- **Coordinación da área de Comunicación.**
- Participación nas campañas divulgativas propostas polo CGCEES.
- Participación nas **Asembleas, Xuntas de Goberno e outras xuntanzas.**
- Nomeamento de referente na **Comisión de Educación Social no sistema educativo**, e participación nas xuntanzas convocadas.
- Participación na **Comisión de Ética.**
- Coordinación da **Comisión de Xénero e Diversidade** (Fiadeiras)
- Participación na **Comisión permanente de Envellecemento activo, ALV e intergeneracionalidad.** (Grupo Geix)
- Participación na **Vocalía de Sociolaboral.**

7. OUTRAS CUESTIÓNS

Retribucións compoñentes Xunta de Goberno: ningún dos cargos da Xunta de Goberno é remunerado.

Importe das cotas colexiais:

Cota de alta:

- Xeral: 65 €.
- Redución para persoas tituladas recentemente: Gratis no curso inmediatamente seguinte ao do remate dos estudos de Educación Social.

Cotas de mantemento colexial (semestral):

- Cota xeral: 73,34€
- Bonificada por desemprego: 36,67€
- Bonificada por salario inferior ao SMI: 55€

Importe das cotas aprobado en Asemblea Xeral Ordinaria do ano 2007. A actualización da cota de mantemento segundo o IPC (Acordo da Asemblea Xeral Ordinaria do ano 2017) quedou anulado dende 2021 (Acordo da Asemblea Xeral Ordinaria do ano 2021).

Cotas de amigas/os do Ceesg: 20€ por curso académico (Acordo da Asemblea Xeral Ordinaria, ano 2012)

Cota por traslado de expediente: 20 €.

Cota do seguro de responsabilidade civil (non obrigatorio): 4,59€/ano.

Número de procedementos informativos e sancionadores: 1.

Número de queixas e/ou reclamacións presentadas por persoas usuarias e consumidoras: 1.

Cambios no contido do código deontolóxico: Non houbo.